

## Descubriendo o Norte 2022-23

Trátase dun proxecto interdisciplinar que ten o seu eixo vertebrador no Deporte de Orientación.

Despois de desenvolver a fase de formación nos nosos centros, vimos aquí, á Serra do Galiñeiro para poner en práctica os coñecementos adquiridos e amosar o noso nivel competencial nos distintos ámbitos do coñecemento.

### Programa:

9:30.....Saída en autobús do colexio

10:00.....Itinerario cultural e medio ambiente dirixido por José Taboada (enseñeiro forestal)

14:00.....Almorzo no merendeiro do Galiñeiro.

16:15.....Reunión do grupo nas inmediacións do merendeiro do Galiñeiro.

16:30.....Explicación do desenvolvemento das carreiras de orientación en "escoring".

16:45.... Carreira Escoring.

17:30.... Visita guiada polo alumnado aos petroglifos "Auga da Laxe" e Muíños Naviculares.

19:00..... Merenda e despedida.



### Serra do Galiñeiro

Lugar de encontro: Merendeiro

Hora: 16:15



### Deporte de Orientación



CEP Plurilingüe Igrexa Valadares

## Descubriendo o Norte 22 / 23

Alumnado de 5º de Primaria

### Petroglifos e muíños



### Pétroglifos Auga Da Laxe



### Muíño Navicular



## A Serra do Galiñeiro

Atópase na provincia de Pontevedra, ao sur de Vigo. Trátase dunha formación rochosa de case 8 km que se estende en sentido norte a sur desde a parroquia de Zamáns ata o monte Aloia en Tui. O Granito é a rocha máis característica.

Na vertente NO, a paisaxe é abrupta e con escasa vexetación; ao S, o protagonista é o granito; e ao SE atopamos bosques frondosos con abundantes xacementos arqueolóxicos.

O Galiñeiro forma parte da vida cotiá dos lugareños pois aproveitan tanto os recursos minerais como os forestais e gandeiros.

## Que son os muíños naviculares?

Datan do Neolítico.

Están feitos nas rochas e protexidos do vento e teñen forma de nave.

Empregábanse para moer cereais (trigo, cebada,...), minerais, tintes ou herbas e prantas; estas últimas utilizadas, probablemente, para obter substancias psicotrópicas necesarias para algún ritual.

Os homes que traballaban neste muíños, empregaban a súa forza para presionar cunha pedra chamada "moa".

## Muíños naviculares na Serra do Galiñeiro:



- Santa Lucía
- O Castrelo
- Auga da Laxe

## Que son os petroglifos?

Son Mostras de arte rupestre (feitos sobre rochas), que datan do Neolítico, aproximadamente sobre o ano 10.000 A. de C. Hai que ter en conta que, o Neolítico en Galicia é tardío, sobre o 5000 A. de C.

A palabra petroglifo significa grabado na pedra (do grego, "petros", pedra; e "griphein", grabar.



No Neolítico o home pasa de ser nómada a ser sedentario, desenvolve traballos de agricultura e gandería.

## Tipos de Petroglifos

Atopamos dous tipos de petroglifos:

- Naturalistas, que representan seres vivos, animais escenas da vida...
- Abstractos, representan figuras xeométricas, espirais, laberintos.



## Técnicas

Podemos atopar as seguintes técnicas:

- Por abrasión, frotando cunha pedra e empregando area, auga ou cunchas.
- Por percusión, golpeando cunha pedra sobre outra a modo de martelo.



## Petroglifos Auga da Laxe

Deben o seu nome ao canle que fixo a "auga" ao longo dos séculos enriba dos grabados, así como a palabra "laxe" que ven a significar rocha.

Estes petroglifos atópanse ao NO da Serra do Galiñeiro, e foron descubertos no ano 1983 por membros do Departamento de Prehistoria e Arqueoloxía do Museo Municipal Quiñones de León de Vigo.



Consta de 26 armas, datadas na etapa de transición entre o Idade do cobre e a Idade de Bronce. Destaca unha grande espada de 2,40 m de longo. Tamén atopamos puñais, escudos, alabardas e o que poderían ser unha especie de carros de guerra.

## Amenazas e Protección dos Petroglifos

Fundamentalmente temos dúas amenazas:

- O paso do tempo, a erosión do vento e a chuvia.
- A acción do home, construción de estradas, canteiras, pasar por enriba deles...

Que podemos facer para coidalos e protexelos?:

- Non regrabalos con punzóns
- Non remárcalos con xiz ou pinturas
- Dalos a coñecer para crear sensibilidade e que a xente os valore e respecte.